

Resolución do 24 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, disciplinas de filosofía, grego, latín, xeografía e historia, psicoloxía e pedagogía, tecnoloxía, economía, formación e orientación laboral e informática; do corpo de profesores técnicos de formación profesional, do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e do corpo de profesores de música e artes escénicas, convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 16 de abril).

A base común 9.3º da Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que esta será publicada nesta consellería, nas súas delegacións provinciais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>.

En consecuencia, esta secretaría xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, disciplinas de filosofía, grego, latín, xeografía e historia, psicoloxía e pedagogía, tecnoloxía, economía, formación e orientación laboral e informática; do corpo de profesores técnicos de formación profesional, do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e do corpo de profesores de música e artes escénicas convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de abril). Esta publicación farase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web (<http://www.edu.xunta.es>).

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá presentarse reclamación, no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, dirixidas ao secretario xeral.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Resolución do 26 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

A base 9 da Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril) pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, e para adquirir a habilitación en novas especialidades, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Realizada esta baremación nalgunha especialidade, procede publicar a puntuación provisional da fase de concurso.

En consecuencia, esta secretaría xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>, o día 30 de xuño de 2008, as puntuacións provisionais do baremo establecido na Orde do 9 de abril de 2008 das seguintes especialidades:

- Idioma estranxeiro: inglés.
- Educación física.
- Música.
- Audición e linguaxe.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderase presentar reclamacións no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación, dirixidas ao secretario xeral.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.